

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO COMITÉ DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL

Ás 13:00 horas do día 15 de maio de 2009, reúnense, na Sala de Xuntas nº. 1 da Xerencia, no Reitorado Xerencia-Servizos Centrais, as persoas que de seguido se detallan co obxecto de constituír a comisión de seguimento do Acordo de Selección Temporal asinado por Resolución reitoral de data 31 de marzo de 2009, convocados coa seguinte orde do día:

1. Constitución da comisión de seguimento do acordo de incorporación e cesamento de persoal.
2. Información sobre execución do concurso de traslados do persoal funcionario.
3. Constitución da comisión de seguimento do acordo de selección temporal.
4. Incidencias: solicitudes de renuncia de dona Lucía González Treceño e dona Ana María Prieto Bereijo.

Pola Universidade de Vigo:

Ana Comesaña Álvarez, Vicexerente de Persoal
José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS
Margarita González Hernández, Xefa da Sección de Emprego e Programas
M^a Carmen Pérez Martínez, Xefa da Sección de Xestión

Pola parte social:

Luis Pérez Gómez (CIG)
Xoan Manuel Cebro Rodríguez (CIG), que asiste en suplencia de **M^a Carmen Prieto Tobío** (UGT)
Henrique Macías Cambra (CIG)
Ángel Torreiro Varela (UGT)
María Fariza Novoa (CCOO)
Marcos Estévez Orge (CCOO)

Secretario de actas:

Rafael Ameneiro Bravo, Secretario da Vicexerencia de Persoal

previas as oportunas deliberacións adoptan os seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Acórdase a constitución da comisión de seguimento do Acordo de selección temporal asinado por Resolución reitoral de data 31 de marzo de 2009, cos membros que se citan anteriormente.

Segundo.- Debátese o punto 4º da Orde do Día:

4. Incidencias: solicitudes de renuncia de dona Lucía González Treceño e dona Ana María Prieto Bereijo.

A Vicexerente informa das incidencias. A primeira incidencia é relativa a unha persoa que acompañou a súa solicitude de renuncia ao seu posto de traballo cun informe médico no que se acredita que a súa baixa laboral está relacionada co posto de traballo que desempeña, e que será dada de alta no momento en que sexa chamada a outro posto de traballo. Isto pode ocasionar unha perversión da normativa. Manifesta que non se pode cuestionar pola

Universidade a validez do informe médico. Neste suposto, a Universidade non pode valorar a situación da persoa no posto de traballo, pois está en situación de incapacidade temporal. A Universidade aceptou a renuncia da traballadora, pero non se manifestou sobre o seu mantemento na lista de agarda. Propón que o mantemento da traballadora no seu posto correspondente da lista de agarda se vincule á presenza de tres requisitos, que serían esixidos en todos os casos similares:

1. Acreditación de que desapareceron as causas que motivaron a renuncia ao posto.
2. Valoración da súa adaptación ao posto polos servizos de prevención da saúde da Universidade.
3. Informe da comisión de seguimento do acordo de selección temporal, á vista da documentación presentada.

Luis Pérez manifesta que en relación co contido do informe non podería volver a traballar nun posto da escala administrativa.

María Fariza expresa que o contido do informe médico presentado pode non valorarse.

Jose F.Viña expresa que non pode dubidarse da veracidade dun informe médico. A vicexerente expresa que non podendo dubidarse dun informe, non é posible contrastalo con informe dos servizos de prevención, porque a traballadora está en IT.

Marcos Estévez expresa que en función do Acordo a aceptación da renuncia debeu pasar pola Comisión de Seguimento.

Xan Cebro expresa que deben estudar este caso a Xunta de Persoal e os Comités de Empresa conxuntamente.

A vicexerente expresa que só deben pasar os casos que ofrezan dúbidas e este non é o caso. Expressa que se traerán á comisión todos os casos de renuncia por motivos de enfermidade.

A vicexerente presenta un segundo caso: unha traballadora que renunciou ao posto pola oferta dun posto de grupo B noutra Universidade. Expressa que aceptouse a renuncia pola urxencia do chamamento que facía que, de rexeitarse, se ocasionaría un prexuízo á traballadora. Expressa que non ve razón para penalizala na lista de agarda, pois dase unha situación de mellora de emprego, dentro ou fóra da Universidade.

Luis Pérez expresa que non é relevante nestes casos que sexa na Universidade ou fóra, e que debe aceptarse sempre, independentemente de que se constate unha mellora do emprego.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a reunión ás 13:45 horas.